

# Boletín Oficial

## DE LA PROVINCIA DE LUGO

<http://www.diputacionlugo.org/>

### PRECIOS DE SUSCRIPCION

Al año.....36,06 €  
Al semestre.....24,04 €  
Mas gastos de envío  
Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.

### VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS

Por ejemplar de hasta 8 páginas .....0,60 €  
Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas.....0,90 €  
Por ejemplar de más de 12 páginas.....1,35 €

LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE

### ANUNCIOS Y OTRAS INSERCCIONES

Por cada palabra o números.....0,15 €  
- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.  
- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.  
- Importe mínimo de publicación.....6 €

SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS

Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)  
Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."

## AYUNTAMIENTOS

### BECERREA

#### *Información pública*

Elevado a definitivo, por non terse presentado reclamacións, e así dispoñelo o acordo plenario de data 30 de outubro de 2008 a medio da presente, publícase o devandito acordo en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

"4.- Expediente de modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos e a realización de actividades do Centro Social de Becerreá.

Déuse conta da proposición da Alcaldía que resultou do seguinte tenor literal:

"Visto que o artigo 5 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos e actividades do Centro de Servizos Sociais Municipal relativo á cuantía das tarifas polo prezo público epigrafiado na redacción dada ó mesmo en virtude da modificación da ordenanza correspondente aprobada en sesión plenaria de data 29 de setembro de 1999, non tivo modificación dende a data de referencia, sendo que a programación de actividades que desenvolve o Centro sufriu unha importante ampliación, así como a necesidade de dotar de maior claridade ó texto, inclusive no referente á expresión das cuantías en euros e a conveniencia de diferenciar os usuarios en función do dato do empadramento no Concello de Becerreá ou non, aconsellan a nova redacción da ordenanza de referencia e en concreto dos seguintes artigos: Artigo 1.- Concepto, Art. 2.- Obrigados ao pago e artigo 5.- Contía.

Tampouco podemos esquencer que conforme ó establecido no artigo 44 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custe do servizo prestado ou da actividade realizada, sendo que segundo os datos obrantes no negociado de contabilidade do Concello de Becerreá resulta que a actividade de ximnasia de mantemento no primeiro trimestre orixinou uns ingresos de 120,02 euros e uns gastos derivados do pago da correspondente factura de 850 euros. No mesmo trimestre o aerobico generou ingresos por valor de 165 euros e uns gastos de 969,81 euros e os bailes de salón 156,26 euros e uns gastos de 1.392, no segundo trimestre. O IPC acumulado dende o mes de xaneiro do 2000 ata a data actual acada un 35,01%, que aplicado ós prezos existentes supón un incremento de algo máis dun euro.

Visto o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985 de 18 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local relativo ó procedemento de aprobación das ordenanzas locais PROPOÑO o Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobación da modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos e actividades do Centro de Servizos Sociais Municipal nos seguintes termos:

Artigo 1.- Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co 41 ambos do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece o prezo público pola prestación de

servizos e actividades do Centro Social de Becerreá, entendendo por tales, servizos, actividades, cursos, excursións e outros análogos. En todo o non previsto nesta ordenanza será de aplicación o disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións aplicables á materia.

Art. 2.- Obrigados ao pago.

Están suxeitos ao pago dos prezos públicos establecidos e regulados na presente ordenanza as persoas físicas receptoras dos correspondentes servizos ou participantes nas actividades de que se trate.

Artigo 5.- Contía.

Os servizos, actividades, cursos ou excursións que se cofinanciarán mediante cobro dos prezos públicos regulados nesta ordenanza, serán os seguintes con arreglo á tarifa que se expresa:

SERVIZOS, ACTIVIDADES, CURSOS OU EXCURSIÓN	PREZO
Ximnasia de mantemento	5 euros/mes
Aerobic	5 euros/mes
Bailes de salón	5 euros/mes
Festas do Centro	3 euros/persoa
Excursións ás praias	4 euros/persoa

Para os usuarios do Centro que non estean empadronados no Concello de Becerreá, o importe das tarifas sufrirá un incremento do 100%.

A inclusión de novos servizos, actividades, cursos ou excursións ou outras actividades análogas a cofinanciar con prezos públicos, farase por acordo da Xunta de Goberno Local a proposta do Director/a do Centro de Servizos Sociais. Nese mesmo acordo se establecerá o prezo público que lle corresponda segundo a proposta do Director/a do Centro de Servizos Sociais formulada con base nos custes do servizo, actividade, curso, excursión ou análogos e a estimación de asistentes.

SEGUNDO.- Expoñer ó público o expediente polo prazo de trinta días hábiles, a efectos de exame e reclamacións de conformidade co establecido polo artigo 49 da Lei 7/1985 de 18 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións se considerará definitivamente aprobada a ordenanza de referencia que entrará en vigor unha vez publicada integramente no BOP de Lugo."

Toma a palabra o señor Alcalde explicando os termos da proposición presentada.

Sen suscitarse debate, o asunto sométese a votación. O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade acorda aprobar a proposición epigrafiada resolvéndoa nos seus propios termos.

En Becerreá, a 22 de decembro de 2008.- O Alcalde, ilexible.

R. 06481

BURELA

Anuncio

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcorrido o prazo de trinta días hábiles de información pública do acordo plenario de 25 de outubro de 2007, de aprobación inicial da modificación das ordenanzas fiscais para o exercicio de 2008, sen que durante dito período se presentase reclamación algunha, queda automaticamente elevado a definitivo o citado acordo coa redacción que de seguido se transcribe:

En relación a aplicación do IPC das ordenanzas fiscais e de prezos públicos existentes neste Concello, esta Alcaldía propón que se aprobe a aplicación do IPC interanual (4,5%) nas seguintes ordenanzas:

Ordenanza fiscal nº 2 reguladora da taxa por ocupación da vía pública con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións de recreo situados en terreos de uso público local, así como industriais, callexeiras e ambulantes e rodaxe cinematográfico.

Ordenanza fiscal nº 4 reguladora da taxa por instalación de quioscos na vía pública.

Ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa por tendidos, tuberías e galerías para a conducción de enerxía, auga, gas ou calquera outro fluído, incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, etc., sobre a vía pública.

Ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa por recollida domiciliar de lixo ou residuos sólidos urbáns.

Ordenanza fiscal nº 9 reguladora da taxa por licencias urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana.

Ordenanza fiscal nº 11 reguladora da taxa por documentos que expida ou de que entenda a administración ou as autoridades municipais a instancia de parte.

Ordenanza fiscal nº 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público local con mercadorías, materiais de construción, escombros, valados, puntais, astillas, andamios e outras instalacións análogas.

Ordenanza fiscal nº 17 reguladora da taxa por utilización de columnas, carteis e outras instalacións locais análogas para a exhibición de anuncios.

Ordenanza fiscal nº 18 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

Ordenanza fiscal nº 20 reguladora do prezo público por auxilio a consecuencia e emerxencias e outros supostos análogos.

Ordenanza fiscal nº 23 reguladora da taxa pola ocupación de edificios ou dependencias de propiedade deste Concello.

Ademais, modifícanse as seguintes ordenanzas fiscais nos termos que a continuación se transcriben:

A derogación da ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa por asistencia en fogares e residencias de anciáns, garderías infantís, albergues e outros establecementos de natureza análogos.

A ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa por tendidos, tuberías e galerías para a condución de enerxía, auga, gas ou calquera outro fluído, incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, etc., sobre a vía pública, no seu artigo 6:

“COTA TRIBUTARIA.

Artigo 6.-

1) As tarifas a aplicar serán as seguintes:

O importe da taxa cando o aproveitamento se realice por empresas explotadoras de servizos de suministros que afecten á xeneralidade ou unha parte importante do vecindario, consistirá no 1,5 % dos ingresos brutos a que se fixo referencia no artigo 5.2 anterior.

Nos demais casos:

1. Ocupación do subsolo.

1.1. Por metro lineal ou fracción de entubado, cables ou conducións non pertencentes a empresas explotadoras de servizos públicos, cuota anual: 2,27 euros.

1.2. Por metro cúbico ou fracción de subsolo ocupado por tanques ou depósitos de líquidos ou gases, cota anual: 7,87 euros.

2. Ocupación do solo.

Postes de madeira, ferro ou cemento, por cada 25 cm de sección ao ano, por unidade: 5,07 euros.

Transformadores, por unidade ao ano: 3,26 euros.

Caixas de amarre ou distribución, por m<sup>2</sup> ou fracción ao ano: 1,31 euros.

Carrís ou rieis, por metro lineal ao ano: 1,31 euros.

Aparatos de pesaxe, venda automática, fotografía e similares, por unidade ao ano: 182,21 euros.

2.6 Por caixeiros automáticos, por unidade ao ano: 182,21 euros.

2.7 Por elementos decorativos na vía pública, por metro: 3 euros/mensuais.

3. Por ocupación do voo.

3.1 Por cada metro lineal de enerxía, comunicacións ou gas ao ano: 0,04 euros.

3.2 Caixas de amarre ou distribución, por m<sup>2</sup> ou fracción ao ano: 1,31 euros.

3.3 Por cada guindastre utilizado na construción, cun brazo ou pluma que ocupen no seu percorrido da vía pública, ó mes: 27,26 euros.”

Se inclúe un novo epígrafe que é a ocupación do solo con elementos decorativos e se aplica unha nova taxa a ocupación con aparatos de pesaxe, venda automática, fotografía e similares.

A ordenanza fiscal nº 21 reguladora da taxa pola prestación do servizo no barco boniteiro “Reina del Carmen”, no seu artigo 6:

“Artigo 6.- TARIFAS.

Adultos: 2 euros.

Entre 12 e 18 anos: 1,50 euros.

Pensionistas: 1,50 euros.

Grupos concertados de adultos (máis de 20): 1,50 por persoa.

Menores de 12 anos: Gratis.

Colexios: Gratis”.

A ordenanza fiscal nº 23 reguladora da taxa pola ocupación de edificios ou dependencias propiedade deste Concello, no seu artigo 7:

“Artigo 7.- Cotas tributarias.

As tarifas a aplicar serán as seguintes:

Concepto	Importe/día	Importe/día
Por aula para impartir clases teóricas no Centro de F. Ocupacional e nas aulas dos locais de Arcadio Pardiñas onde está a Fundación Expomar	53,76 euros/día	10,45 euros/H.
Por aula para impartir clases prácticas no taller do Centro de F. Profesional e e nas aulas dos locais de Arcadio Pardiñas onde está a Fundación Expomar.	107,53 euros./ día	20,90 euros./ H.

A ordenanza reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, no seu artigo nº 3:

“Artigo 3º tipo de gravame e cota.

En aplicación do establecido no artigo 73 da tan repetida Lei, o tipo de gravame será para:

Bens inmóbles urbanos: 0,45%

Bens inmóbles rústicos: 0,55%

Bens inmóbles de características especiais: 0,55%.”

Ademais se aproba a ordenanza reguladora do prezo público pola venda de libros, publicacións, material promocional e pola realización de actividades, xornadas, cursos ou similares, có seguinte tenor literal:

Artigo 1. Fundamento e natureza.

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 47, do Real Decreto 2/2204, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese o prezo público pola venda de libros, publicacións, material promocional, a celebración de xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares.

Artigo 2. Concepto.

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente adquiren os libros, publicacións ou material promocional, e os que participen nas prestacións dos servizos ou a realización de actividades desenvolvidas nas xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares.

### Artigo 3. Obrigados ó pago.

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta ordenanza:

1. Os que adquiren os libros, publicacións, e material promocional.

2. Os que soliciten ou se beneficien da prestación de servizos ou da realización de actividades consistentes na celebración de xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares.

### Artigo 4. Contía.

1. O importe que se debe pagar ó Concello pola venda de libros, publicacións e material promocional, a celebración de xornadas, cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares será aprobado pola Xunta de Goberno Local atendo ó custe dos mesmos.

2. A delegación conferida neste precepto entenderáse avocada polo Pleno da Corporación, para un acto concreto e individualizado, pola simple adopción dos acordos de establecemento, modificación ou fixación dos prezos públicos referidos a esta ordenanza por parte do mesmo, sen que uso desta facultade supoña revocación da delegación que con carácter xeral se efectúa neste apartado

3. O Concello poderá reducir o prezo que deben aboar os interesados, previo acordo da Xunta de Goberno Local, nos seguintes supostos:

a) Distribución de libros, publicacións e material promocional entre entidades públicas ou entidades sen fin de lucro por razóns protocolarias.

b) Distribución de libros, publicacións e material promocional entre departamentos municipais.

c) Participación en xornadas, cursos, actividades culturais e lúdicas ou similares por razóns de interese xeral; sempre que se garanta a cobertura do coste da actividade o servizo.

### Artigo 5. Xestión.

1. A obriga do pago do prezo público pola adquisición de libros, publicacións e material promocional nace no momento no que se adquira ou solicite a adquisición dos mesmos.

2. A obriga do pago do prezo público pola participación en xornadas ou cursos e actividades culturais e lúdicas ou similares nace no momento da inscrición ou solicitude de participación nos mesmos.

3. O establecemento, modificación e, no seu caso, fixación dos prezos públicos, deberá efectuarse dacordo có seguinte procedemento:

a) Proposta de acordo da Concellería Delegada interesada no establecemento, modificación ou fixación do prezo público, que deberá ir acompañada dunha memoria económica que xustifique o grado de cobertura financeira dos custes do servizo pa actividade.

b) Informe da Intervención Municipal.

c) Acordo da Xunta de Goberno Local.

d) Publicación do acordo de establecemento, modificación ou fixación do prezo público no Boletín Oficial da Provincia.

e) Entrada en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, salvo que o acordo de fixación do prezo público prevea un momento posterior.

4. Na proposta débese xustificar documentalmente:

a) Na venda de libros, publicacións e material promocional: O custe total dos libros ou publicacións ou material promocional e o número de libros pu publicacións editados e material promocional que se compre.

b) No caso de xornadas, cursos, actividades: O custe total da actividade ou servizo e o número estimado de asistentes ou participantes na actividade o servizo.

En todo caso, se o prezo público a aboar polos interesados é inferior o custe do servizo ou actividade, a proposta do Concelleiro Delegado debe incluír a previsión da súa financiación.

5. Cando por causas non imputables ó obrigado ó pago do prezo, o servizo ou actividade non se preste ou non se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

### DISPOSICIÓN FINAL.

Esta ordenanza de prezo público entrará en vigor ó día seguinte a publicación da aprobación definitiva da mesma no BOP.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, contados dende a data de publicación, sen prexuízo do exercicio de calquera outro recurso que estime oportuno.

Burela, 20 de decembro do 2008.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 06451

### CERVANTES

#### ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

#### 1.- ENTIDADE ADXUDICADORA.

a) Organismo: Concello de Cervantes.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

#### 2.- OBXECTO DO CONTRATO.

a) Descrición do obxecto: "Subministro de vehículo para a recollida de residuos sólidos urbáns".

#### 3.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

a) Procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación.

#### 4.- PREZO DO CONTRATO.

Importe total: 140.000 euros, iva incluido.

5.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA:

- a) Data: 01/12/08 (acordo Xunta de Goberno Local).
- b) Contratista: COMERCIAL VEHÍCULOS INDUSTRIALES TAR, S.L.
- c) Importe de adxudicación: 140.000 euros IVE incluido.

Cervantes, 10 de decembro de 2008.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Benigo Gómez Tadrín.

R. 06455

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

1.- ENTIDADE ADXUDICADORA.

- a) Organismo: Concello de Cervantes.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2.- OBXECTO DO CONTRATO.

a) Descrición do obxecto: "ALUMEADO RURAL EN VILASANTE, VILAR DE CUCOS, TEIXEIRA, AS COVAS, PONTORRÓN, A PINTIDOIRA, VILADEITE, VILLASPASANTE E BAZAL (POS nº 16/2008)".

3.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.

- a) Procedemento negociado sen publicidade.

4.- PREZO DO CONTRATO.

Importe total: 65.387,88 euros, iva incluido.

5.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA:

- a) Data: 29/10/08 (acordo Xunta de Goberno Local).
- b) Contratista: JOSE MANUEL NÚÑEZ SANTÍN.
- c) Importe de adxudicación: 65.387,88 euros IVE incluido.

Cervantes, 10 de decembro de 2008.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Benigo Gómez Tadrín

R. 06456

FOLGOSO DO COUREL

Por Unión Fenosa Distribución, S.A., solicítuse licenzia para execución de obras de retranqueo de L.M.T. aérea na estrada Seoane do Courel-Hospital segundo separata ó proxecto de "retranqueo de L.M.T aérea Crta. Seoane do Courel-Hospital", redactado polo enxeñeiro industrial D. Rubén Menéndez Fernández, cun orzamento de vinte mil douscentos corenta euros con sesenta e nove céntimos (20.240,69 euros).

O expediente, no que se inclúe o antedito proxecto, sométese ó trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles mediante edictos no taboleiro de edictos do Concello, no diario El Progreso de Lugo e no Boletín Oficial da Provincial de Lugo. O expediente poderá consultarse a partir da publicación do primeiro

dos anuncios se ben o prazo dos vinte días hábiles computarase a partir do día seguinte á publicación do último.

Ós indicados efectos fanse constar os seguintes extremos:

Emprazamento: Solo rústico de protección de espazos naturais; Uso: Infraestrutura para distribución de enerxía eléctrica.

A documentación completa do antedito expediente poderase consultar na Secretaría do Concello (Casa do Concello de Folgoso do Courel, rúa Deputación s/n, Folgoso do Courel, Lugo) en días hábiles de luns a venres de 9:00 a 15:00 horas.

Folgoso do Courel, 15 de decembro do 2008.- O Alcalde, José López Fontal.

R. 06402

FOZ

ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA E NO PERFIL DE CONTRATANTE

Por Resolución de Alcaldía de data 17/12/2008, aprobouse a adxudicación definitiva do contrato para o servizo de prestación das escolas deportivas municipais para que se publique aos efectos do artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

1. Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: CONCELLO DE FOZ.
- b) Dependencia que tramita o expediente: SECRETARIA.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: PRESTACIÓN DO SERVIZO ESCOLAS DEPORTIVAS.

b) Prazo de execución (meses): 36.

3. Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación: ORDINARIA.
- b) Procedemento: ABERTO.

4. Prezo do contrato: 23.350 euros de valor estimado máis 1.634,50 euros de IVE (anual).

5. Adxudicación provisional:

- a) Data: 13/11/2008.
- b) Contratista: IG 10 SPORTS, S.L.
- c) Importe e adxudicación: 22.897,20 euros máis 1.602,80 de IVE.

En Foz, a 17 de decembro de 2008.- O Alcalde, José María García Rivera.

R. 06452

GUITIRIZ

*Anuncio*PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL:  
TRAMITE DE AVALIACIÓN AMBIENTAL.

Expte. R.E. Nº 1.794/2008.

Solicítanse por D. Antonio Morado López, S.C. como representante legal de Ganadería Morado, S.C. con CIF G27334499 licenza municipal de actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, de conformidade co Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

A actividade para a que se solicita licenza, identifícase con R.E. nº 1.794/08 e para a ampliación de estabulación libre de vacún e fosa de xurro en As Penas nº 2-Labrada.

De acordo co disposto no apartado 3 do artigo 8 do Decreto 188/2008, do 12 de xuño polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por o período de 20 días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia- poidan examinalo expediente, na Secretaría Xeral, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretendan instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

O prazo de exposición pública computarase dende a última das publicacións oficiais sinaladas.

En Guitiriz, a 11 de decembro de 2008.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 06491

*Anuncio*PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL:  
TRAMITE DE AVALIACIÓN AMBIENTAL.

Expte. R.E. Nº 2.506/2008.

Solicítanse por Dna. Verónica Prado Sánchez licenza municipal de actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, de conformidade co Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

A actividade para a que se solicita licenza, identifícase con R.E. nº 2.506/08 e para a construción de fosa de xurro en Seixo, San Salvador de Parga.

De acordo co disposto no apartado 3 do artigo 8 do Decreto 188/2008, do 12 de xuño polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por o período de 20 días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia- poidan examinalo expediente, na Secretaría Xeral, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretendan instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

O prazo de exposición pública computarase dende a última das publicacións oficiais sinaladas.

En Guitiriz, a 11 de decembro de 2008.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 06492

## MONFORTE DE LEMOS

*Edicto*

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común (B.O.E. 285, de 27 de novembro de 1992), faise pública notificación da iniciación dos expedientes sancionadores que se indican, instruídos por este Concello, ás persoas ou entidades denunciadas que a continuación se relacionan, xa que intentada a notificación no último enderezo coñecido, esta non se puido practicar.

O órgano instructor do procedemento é a Unidade de Sancións do Concello e o órgano competente para a súa resolución é o Ilmo. Sr. Alcalde, de conformidade co disposto no art. 69.2 do Real Decreto 339/1900, de 2 de marzo.

NIF Infractor	Nome e Apelidos	Municipio	Nº Expediente	Matricula	Art/Lei/Apd	Importe
Enderezo:		Provincia	Lugar Denuncia		Data/Hora Infracc.	
34212967F	LOPEZ GONZALEZ MANUEL	MONFORTE DE LEMOS	939/2008	5195FHB	94 RGC	60,00
CL HUERTAS 36		LUGO	CL Roberto Baamonde nº0		08/10/2008	13:35
34258971B	RODRIGUEZ VALCARCE M. J.	MONFORTE DE LEMOS	942/2008	5138BVP	94 RGC	60,00
CL ESCULTOR FRANCISCO MOURE 17 Pla		LUGO	CL Compañía nº18		08/10/2008	10:20
34274797J	FREIRE GIAMPAOLETTI G.	MONFORTE DE LEMOS	955/2008	LU2657M	91 RGC	91,00
CL ROBERTO BAAMONDE 9 Pla 01		LUGO	AVELINO CAHAFEIRO nº3		20/09/2008	17:25

34260228A	GARCIA PEREZ JUAN DIEGO	MONFORTE DE LEMOS	966/2008	7427DMC	171 RGC	60,00
CL SARRIA 15 Pla 03		LUGO	PZ Conde nº0		01/10/2008	19:45
34250261H	RODRIGUEZ CEDRON M.	MONFORTE DE LEMOS	967/2008	9818DCR	91 RGC	91,00
CL MANUEL HERMIDA BALADO 2		LUGO	PZ Doctor Goyanes nº6		01/10/2008	16:58

No caso de disconformidade coa denuncia, ó amparo do art. 79.1 do RDL 339/1990, o denunciado poderá formular alegacións no prazo de quince días hábiles desde a presente publicación, que serán presentadas ou remitidas ó Rexistro Xeral do Concello de Monforte de Lemos sito no Campo de San Antonio s/n, Monforte de Lemos, Lugo.

No suposto de non presentar alegacións dentro do prazo establecido o contido da presente notificación transformarase automaticamente en proposta de resolución ó amparo do establecido no artigo 13.2 do RD 1.398/1993 de 4 de agosto.

Conforme ó establecido no art. 72 do RDL 339/1990 na súa redacción dada pola Lei 17/2005, de 19 de xullo, o titular do vehículo ten o deber de identificar ó conductor do mesmo, no prazo de 15 días desde a presente publicación, indicando o seu nome completo, DNI e domicilio. Se non se identifica ao conductor, o titular será sancionado como autor de falta moi grave (301,00 euros ata 1.500,00 euros).

O titular do vehículo responderá tamén como autor de falta moi grave cando non sexa posible notificala denuncia ó conductor que se identifique por causa imputable a dito titular. Só poderá interpoñer alegacións e recursos procedentes o conductor responsable da infracción.

A sanción poderá facerse efectiva cunha redución do 30% sobre a contía correspondente que se consignara no boletín de denuncia polo axente ou, no seu defecto, na notificación posterior de dita denuncia, sempre que dito pagamento se efectúe dentro dos 30 días naturais seguintes á presente publicación deste edicto, e advírteselle de que ese pagamento, implica a renuncia a formular alegacións e supón a terminación do procedemento sen necesidade de dicar resolución expresa, salvo que poida impoñer, ademáis, a suspensión do permiso ou licenza de conducir.

Lugar e forma de pago: En calquera sucursal da rede de oficinas Caixa Galicia mediante carta de pago que pode obter na Oficina de Recadación do Concello de Monforte de Lemos, sita na rúa Tecelanes, nº 2, baixo (27400-Lugo). Teléfono 982 41 62 08.

O que se publica para coñecemento dos interesados.

Monforte de Lemos, 22 de decembro de 2008.- O Ilmo. Alcalde-Presidente, Severino Rodríguez Díaz.

R. 06479

## OUROL

### Edicto

Notificado para a súa presentación nas oficinas municipais deste Concello aos efectos de subsanar deficiencias no padrón municipal de habitantes:

- José Teixeira Freitas: Tarxeta de residencia: X01511041X.

Publicase a presente notificación no Boletín Oficial da Provincia por prazo de 15 días hábiles para que se persone nestas oficinas, de non facelo tramitar as correspondentes baixas de oficio no padrón de habitantes.

Ourol, a 22 de decembro de 2008.- O Alcalde en funcións, José Ramón Vázquez Bouza.

R. 06453

## OUTEIRO DE REI

### Anuncio

D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competen-

cias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1984, de 2 de abril, expoño:

Con data de 5 de novembro de 2008, aprobouse inicialmente a modificación do proxecto de urbanización do polígono empresarial de Matela; 1ª e 2ª fase (conexión de vía "A1AHH1" coa estrada LU-115).

En cumprimento do previsto no artigo 110 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordeazón Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, con data de 21 de abril do 2006 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo anuncio de exposición pública do citado proxecto.

Por todo ilo, con data 16 de decembro de 2008, e rematado o periodo de información pública, aprobouse definitivamente a modificación do proxecto de urbanización do polígono empresarial de Matela; 1ª e 2ª fase (conexión de vía "A1AHH1" coa estrada LU-115), o que se fai público no presente anuncio.

En Outeiro de Rei, a 18 de decembro de 2008.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

O presente acordo pon fin a vía administrativa, e poderá ser recurrido potestativamente en reposición

perante o Sr. Alcalde no prazo de un mes a contar dende o día seguinte o da súa publicación oficial, ou ben recurrirse directamente perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende dita publicación.

R. 06454

—  
PALAS DE REI

*Anuncio*

Al no haberse presentado reclamaciones durante el plazo de exposición al público, queda automáticamente elevado a definitivo el acuerdo plenario inicial aprobatorio de modificación de la ordenanza municipal reguladora de la concesión de subvenciones por el Ayuntamiento de Palas de Rei, cuyo texto íntegro se hace público, para su general conocimiento y en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

ORDENANZA REGULADORA DE LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES POR EL AYUNTAMIENTO DE PALAS DE REI.

Art. 1.- Objeto:

Es objeto de la presente ordenanza estructurar y fijar los criterios y el procedimiento para la concesión de subvenciones a Entidades, Organismos o particulares cuyos servicios o actividades complementen o suplan los atribuidos a la competencia local.

Se considerará subvención cualquier auxilio directo o indirecto, valorable económicamente, que otorgue el Ayuntamiento y, entre ellos, las becas, primas, premios y demás gastos de ayuda personal.

Art. 2.- Previsión presupuestaria:

Las subvenciones concedidas conforme a lo dispuesto en la presente ordenanza, se otorgarán con cargo a la partida 4-489.00 que, a este efecto se fijen con carácter anual en los presupuestos municipales.

Art. 3.- Criterios generales:

a) Las subvenciones tendrán carácter voluntario y eventual y su concesión no implica obligatoriedad por parte del Ayuntamiento y no crea derecho ni establece precedente alguno para futuras concesiones.

b) La Corporación podrá revocarlas o reducirlas en cualquier momento, salvo cláusula en contrario.

c) No será exigible aumento o revisión de la subvención.

d) No se concederán subvenciones para finalidades que el Ayuntamiento puede cumplir por sí mismo con igual eficacia y sin mayor gasto que el representado por la propia subvención.

e) Las subvenciones se otorgarán con arreglo a los principios de publicidad, transparencia, concurrencia, igualdad; Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados por la Administración otorgante; eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos.

Art. 4.- Peticionarios:

Podrán solicitar las subvenciones objeto de la presente ordenanza, cualquier persona física o jurídica que cumpla los siguientes requisitos:

4.1.- Entidades:

a) Asociaciones o entidades legalmente constituidas sin ánimo de lucro que desarrollen labores de reconocido y merecido carácter educativo, cultural o benéficos dentro del municipio de Palas de Rei o de difusión y promoción de Palas de Rei fuera del municipio.

b) Que puedan acreditar documentalmente hallarse al corriente de sus obligaciones fiscales y de Seguridad Social, a la fecha de la solicitud de la subvención.

c) Haber justificado las subvenciones concedidas en ocasiones anteriores por el Ayuntamiento de Palas de Rei, a través de cualquier área del mismo.

4.2.- Personas físicas: Deberán estar empadronadas en Palas de Rei y presentar la documentación que para cada tipo de ayudas se establezca en estas ordenanzas y en los acuerdos o resoluciones que se dicten al respecto por el Ayuntamiento.

Art. 5.- Modalidades y actividades objeto de subvención:

Se establecen los siguientes tipos de subvención:

- Procedimiento en régimen de concurrencia competitiva.- El procedimiento ordinario de concesión de subvenciones se tramitará en régimen de concurrencia competitiva. A estos efectos tendrá la consideración de concurrencia competitiva el procedimiento mediante el cual la concesión de las subvenciones se realiza mediante la comparación de las solicitudes presentadas, a fin de establecer una prelación entre las mismas de acuerdo con los criterios de valoración previamente fijados en las bases reguladoras y en la convocatoria, y adjudicar, con el límite fijado en la convocatoria dentro del crédito disponible, aquellas que hayan obtenido mayor valoración en aplicación de los citados criterios.

En este supuesto la propuesta de concesión se formulará al órgano concedente por un órgano colegiado designado. La composición del órgano colegiado será la que establezcan las correspondientes bases reguladoras.

- Procedimiento de concesión directa.- Podrán concederse de forma directa las siguientes subvenciones:

a. Las previstas nominativamente en el Presupuesto General Municipal, en los términos recogidos en los convenios y en la normativa reguladora de estas subvenciones.

b. Aquellas cuyo otorgamiento o cuantía venga impuesto a la Administración por una norma de rango legal, que seguirán el procedimiento de concesión que les resulte de aplicación de acuerdo con su propia normativa.

c. Con carácter excepcional, aquellas otras subvenciones en que se acrediten razones de interés público, social, económico o humanitario, u otras debidamente justificadas que dificulten su convocatoria pública.

El que figuren en el presupuesto municipal de esta forma no significa, sin embargo, que el beneficiario tenga derecho a su percepción, sino únicamente el importe máximo de subvención que pueda otorgarle el Ayuntamiento. En todo caso se precisará la adopción de acuerdo o resolución por el órgano competente que establezca la cuantía y las condiciones en que se concrete la subvención. Se incluyen en este apartado las subvenciones a otorgar a los organizadores de fiestas que se celebren en las diferentes parroquias del municipio.

En ningún caso, podrán otorgarse subvenciones por cuantía superior a la que se determine en la convocatoria.

#### Art. 6.- Criterios de valoración:

Para la concesión de las subvenciones, y en orden de fijar la cuantía de las mismas se valorará la mayor o menor concurrencia en la solicitud presentada, de las siguientes condiciones, según se trate de:

- La continuidad, estabilidad y solvencia de la entidad solicitante en el ámbito en el que vaya a desarrollar la actividad y programa propuesto.

La dificultad acreditada por la entidad solicitante para acudir a otros medios de financiación, así como los medios económicos con que cuente la misma, en relación con el importe solicitado como subvención. La originalidad del programa o actividad a desarrollar.

- El número estimado de personas que puedan ser beneficiadas con la realización del programa o actividad.

» La viabilidad técnica y económica del programa y de las actividades proyectadas.

- Aquellos otros que por las peculiares características del acto o programa que se trate, se aprecien por el órgano resolutor.

#### Art. 7.- Documentación a presentar:

1.- Las solicitudes se dirigirán a la Alcaldía, se presentarán en el Registro General del Ayuntamiento.

2.- Las Entidades deberán acompañar a la solicitud la siguiente documentación:

a) Fotocopia de D.N.I de la persona firmante de la solicitud.

b) Proyecto de la actividad concreta o programa a desarrollar, en el que se especifiquen los objetivos, participantes, fechas, y lugar de celebración.

c) Presupuesto detallado de ingresos y gastos, con indicación de los medios financieros previstos (cuotas, donativos,...).

d) Declaración jurada del representante de la entidad relativa a la identidad de los miembros de su órgano directivo y sobre el número de socios.

e) Certificados expedidos por la Hacienda Estatal y la Tesorería General de la Seguridad Social de encontrarse al corriente de sus obligaciones fiscales y de Seguridad Social.

Si las solicitudes no reuniesen los datos exigidos o no vinieran acompañadas de la documentación reseñada, se requerirá al interesado que en el plazo de 10 días, contados a partir del siguiente a la recepción de la petición, subsane las deficiencias, advirtiéndole que, en caso contrario, se desestimará su solicitud de subvención por defectos de forma.

#### Art. 8.- Plazo de presentación de solicitudes:

